

EDUCACIÓN INFANTIL- NIVEL 4 ANOS
CEIP PLURILINGÜE OS TILOS
CURSO 2021/22

EVA MARÍA MONTERO CALVIÑO

MARÍA ASUNCIÓN DACUNHA REY

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADES LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.
3. CONCRECIÓN DAS ACTIVIDADES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.
4. CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS
5. OBXECTIVOS
6. CONTIDOS
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
8. ACTIVIDADES
9. TEMPORALIZACIÓN
10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
11. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
12. ORGANIZACIÓN ESPACIAL.
13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.
15. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
16. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
17. EDUCACIÓN EN VALORES
18. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS
19. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN
20. PLAN LECTOR
21. RELACIÓN COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE ESCOLAR

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O proceso de ensinanza e aprendizaxe consiste en organizar, dar unificación e facer que se estructure ordenadamente o labor educativo partindo do alumno/a e tendo en conta os materiais, a contorna, os medios dos que dispoñemos para acadar os obxectivos que nós temos fixado.

Esta programación parte do Decreto 330/2009 de 4 de xuño polo que se establece o currículo da E. infantil na comunidade autónoma de Galicia e de acordo co sinalado na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio e na Orde do 25 de xuño pola que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil .

Esta programación de nivel parte da análise do Proxecto Curricular de Centro e do PEC que reflicte a identidade do noso centro.

Esta programación está pensada para os nenos e nenas de 4 anos. Ao redor dun centro de interese organizaranse os proxectos a levar a cabo nos que se traballarán os obxectivos e contidos, partindo dun conto, unha pregunta, algunha curiosidade ou calquera cousa que lles chame a atención. Tamén se traballará ao redor de distintas secuencias didácticas que vaian xurdindo durante o curso e os proxectos.

• OS NENOS/AS DE 4 ANOS.

As características máis significativas son as seguintes:

➤ CONTROL PSICOMOTRIZ

Amosa unha maior coordinación nos seus movementos. Pode coller unha pelota en movemento. O seu sentido do equilibrio mellora e pode camiñar á pata coxa mantendo o equilibrio nun só pé. Ten mellor habilidade na súa motricidade fina. Pode recortar coas tesoiras. É capaz de vestirse e quitar a roupa sen axuda. Lava a cara, as mans e os dentes. Ten un control total dos esfínteres. Come sen axuda .

➤ DESENVOLVEMENTO CONDUCTUAL E EMOCIONAL

A esta idade son moi egocéntricos, queren que todo vire ao seu redor pero tamén e capaz de compartir xogos e xoguetes cos seus amigos.

Empezan a amosarse independentes pero é normal que nalgunhas ocasións teñan certas inseguridades ante persoas e situacións descoñecidas. Precisan sentirse importantes ante persoas do seu entorno. Recoñecen emocións e os sentimentos dos demais. Amosan comportamentos de protección cara os máis pequenos. Gústalles facer encargos e asumir responsabilidades tanto na escola como no fogar, así como que os eloxien cando fan algo ben, pero aínda non son capaces de recoñecer os seus erros.

Son moi fantasiosos e poden ter algún amigo/a imaxinario, así como mesturar a fantasía coa realidade . Son capaces de interromper unha tarefa e retomala máis tarde.

Aínda que empezan a controlar os seus impulsos é probable que volvan a aparecer as perrenchas.

➤ DESENVOLVEMENTO COGNITIVO.

O seu pensamento é sincrético, intuitivo, concreto, sen unha gran capacidade de reflexión, dominado pola fantasía. Establece semellanzas e diferencias entre obxectos e é capaz de clasificalos polos seus atributos. Manexa as relacións espaciais simples. A súa localización temporal aínda é deficiente. Non manexa de forma correcta os termos: hoxe, onte e mañá.

É capaz de reconstruír relatos. Recorda e interioriza poemas. É moi imaxinativo. Fala moito e esaxera con demasiada frecuencia. Como dixemos a súa imaxinación se desborda na linguaxe , chegando a ser moi expresivo e en multitude de ocasións emprega o monólogo. É capaz de imitar modelos de televisión e anuncios. Goza coa linguaxe rítmica, co descubrimento de xogos con palabras sen sentido, ou simplemente polo gozo de escoitalas.

Gústalle facer preguntas e estas abundan relacionadas con numerosos temas que se están tratando na clase.

Empeza a noción do estético, empezan a amosar ledicia ou rexeitamento ante obxectos bonitos ou feos.

É capaz de lembrar catro obxectos que veu nunha ilustración. Conta ata 10 de memoria pero o seu concepto numérico vai máis alá de un, dous, moitos e ningún. Fai conxuntos de 10 elementos. Pode seriar de 3 a 5 elementos, así como facer crebacabezas de 24 pezas ou máis.

- **SITUACIÓN DO CENTRO.**

O C.E.I.P Plurilingüe “Os Tilos” está situado no Concello de Teo provincia de A Coruña e consta de dous edificios un de Primaria e outro de Infantil. O edificio de Infantil ten catro aulas ocupadas por dous grupos de 3 anos e dous grupos de 4 anos. Os dous grupos existentes de 5 anos atópanse no edificio de Primaria.

O alumnado que acude ao centro procede na súa maioría da urbanización de Os Tilos e das urbanizacións de Montouto, San Sadurniño, Agra dos Alfereces (ata o límite de Cacheiras), da Póvoa, A Cruxeira e de Outeiro, este último lugar pertence ao Concello de Santiago de Compostela.

O horario é continuado de 9:00 a 14:00 horas e o centro dispón dos seguintes servizos: transporte escolar, plan madruga (atende ós alumnos antes do inicio da xornada escolar), comedor, servizo de epera (atende aos alumnos ao remate da xornada escolar) biblioteca, aula de informática, departamento de orientación, ximnasio e conta con actividades complementarias e extraescolares. Tamén se dispón de mestras de relixión católica, educación musical, lingua inglesa e arts, así coma de pedagogía terapeútica e audición e linguaxe

En definitiva esta programación está pensada para os nenos e nenas de 4 anos que este curso 2021-22, suman 26 alumnos/as repartidos en dúas aulas

de 14 e 12 nenos/as respectivamente. Non se atopan en ningún dos grupos alumnos de Necesidades Educativas Específicas.

Hai un equilibrio entre os dous sexos nas dúas aulas.

- **CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.**

Os nosos alumnos/as proceden de familias de clase media e con un bo nivel de colaboración na educación dos seus fillos/as.

Nestes grupos hai maior número de nenos que de nenas. Por outro lado existe a lingua materna predominante nas dúas aulas é o galego polo que, de acordo co decreto 247/1995 de 14 de setembro que desenrola a lei 3/1983 de 15 de xuño de normalización lingüística, empregaremos a lingua galega e procuraremos que adquiran o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, de forma oral e escrita, en conformidade co seu nivel de maduración.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

- De ser o caso, recollerase o método alternativo á aula virtual para comunicación coas familias e mantemento da actividade lectiva a distancia.

No contexto actual, coa posibilidade da actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou a distancia, é imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos/as como partícipes directos no proceso da ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as; por iso, as titoras poranse en contacto coas familias para dar a coñecer as canles de información e comunicación existentes no centro:

- Aula Virtual do centro, como o entorno virtual empregado para colgar as actividades ao longo do curso e outro tipo de recursos de interese pedagóxica. Que permite ademais, estar en contacto cos alumnos/as e interactuar con eles a través de diversas ferramentas como chats, foros.

Principalmente, levarase a cabo a metodoloxía a través da aula virtual e, proporcionaráselle un nº de usuario e contrasinal para que poidan comunicarse as familias coas titoras a través do servizo de mensaxería da Aula Virtual.

- Aplicación ciscowebeX, para o establecemento de videoconferencias coas familias.

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.

- Correo electrónico das titoras e do centro como a vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa do centro (ceip.ostilos@edu.xunta.gal) e a da titora (eva.maria.montero.calvino@edu.xunta.es/ Asunciondacunha21@gmail.com).

- Teléfono que facilite a comunicación directa e inmediata co centro, existen dúas liñas: **881866735** (edif. primaria)/ **881866738** (edif. Infantil)

- Así como todos aqueles medios achegados ben polo profesorado ou dos que dispoña a Consellería nese momento.

- **Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.**

Optaremos por unha metodoloxía de tarefas na que os centros de interese dos alumnos/as son o eixe central das propostas plantexadas ao alumnado, baseada nun enfoque competencial, que facilite a construción do coñecemento, e o aprender a aprender. Será metodoloxía estará baseada en experiencias, actividades e xogo.

A colaboración escola-familia, convértese máis que nunca nunha

ferramenta imprescindible para propiciar un ambiente de afecto e confianza que potencie a autoestima.

O feedback en resposta ás tarefas propostas terá que ser constante e, tratando de responder tamén a intención de potenciar o afecto e a autoestima na situación actual do alumnado.

As actividades propostas terán en conta as diferentes realidades do alumnado, os materiais dos que dispoñen na casa, as posibles axudas que teñen no ámbito familiar, a tecnoloxía dispoñible...

Unha vez coñecidas cada unha delas, tentaremos que os materiais empregados sexan doados de conseguir, non supoñan un gasto extra moi significativo, non precisen de impresión...

As actividades serán propostas significativas que teñan relación coa realidade do momento que están a pasar e co seu ámbito familiar e que impliquen a resolución de problemas. Así como o reforzo de actividades de hábitos diarios que fomenten a autonomía.

Actividades de carácter emocional , onde se expresen sentimentos, situacións, preocupacións...

Deseñaremos actividades a fin de celebrar as conmemoracións segundo as datas que nos atopemos: Día do Libro, os Maios, día da árbore, Letras galegas, Día das familias...aproveitando as mesmas para traballar contidos de reforzo e lectoescritura, así como actividades de reforzo da lóxico-matemática, desenvolvemento da expresión artística, creatividade, psicomotricidade fina e grosa...

As actividades serán globalizadas, interdisciplinares, variadas, graduadas para que permitan seguir ao alumnado coa súa formación, atendendo as súas necesidades educativas e emocionais e así garantir a atención á diversidade.

- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

A educación é un dereito que debemos defender aínda en tempos de crise como os que estamos a vivir, xa que proporciona protección, reduce as repercusións psicosociais e ofrece un sentimento de normalidade e estabilidade. Por outra banda ofrece os coñecementos e aptitudes precisas para superar esta crise. É por isto polo que debemos adaptar a nosa metodoloxía, procesos e estratexias para así ofrecer plans sólidos para garantir a continuidade da aprendizaxe.

Durante os primeiros días de curso procederemos a pasar unha enquisa dende as titorías a fin de identificar o alumnado que por mor de falta de recursos ou de conexión no seu fogar, non tivesen acceso á educación telemática no caso de ter que levarse a cabo o ensino á distancia. Posteriormente informarase á dirección do centro para que se adopten as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

No caso de levarse a cabo un ensino non presencial levaremos un seguimento do alumnado a través dun contacto directo coas familias a fin de identificar aqueles que teñan dificultades por mor da conexión ou falla de equipamento.

Facilitarase, ademais, en todo momento, un contacto telefónico co centro escolar para resolver dúbidas e orientar no proceso.

- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Os mecanismos par levar a cabo un seguimento dos alumnos/as serán:

- Seguimento semanal das actividades que se propoñan.
- Observación de vídeos, fotografías, escoita de audicións,... que vaian enviando.
- Recompilación de materiais.

- Comunicación coas familias e alumnos/as a través do correo electrónico, teléfono, vídeo chamadas, plataforma Ciscowebex, servizo de mensaxería da aula virtual, ... de xeito periódico para así acadar un feedback o máis sinxelo posible.

Estas canles serán as empregadas á hora de enviar tarefas de reforzo ou de avaliación.

3. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.

Dado que a educación infantil é unha etapa globalizada, os obxectivos e contidos desta etapa tamén se presentarán e abordarán desde unha perspectiva globalizadora e multicisciplinar.

A aprendizaxe nestas idades ten lugar dun xeito sincrético e intuitivo, establecendo múltiples conexións a nivel global entre todas as disciplinas.

Non obstante, durante as primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial para detectar as dificultades e influír nestas.

4. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A competencia é a capacidade dun neno/a de poñer en práctica en contextos e situacións diferentes, tanto os coñecementos teóricos como habilidades e coñecementos prácticos, así como actitudes. Polo tanto vai máis alá do saber estar, saber facer ou aplicar.

A nova Lei de educación establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico, e que orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil téndose como

referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

Estas competencias son:

- Competencia na **comunicación lingüística**:

Está relacionada co desenvolvemento e emprego axeitado das destrezas básicas da linguaxe: falar, escoitar, ler e escribir. Refírese á utilización da linguaxe como instrumento, tanto de comunicación oral e escrita, como de aprendizaxe e de regulación de conductas e emocións. Supón a utilización activa e efectiva de habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións para producir textos orais axeitados a cada situación de comunicación.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Manter conversas con sentido cos seus iguais e cos adultos para poder iniciarse no desenvolvemento social.
- ✓ Escoitar e comprender mensaxes orais sinxelos.
- ✓ Describir obxectos, persoas e situacións.
- ✓ Comprender e explicar información contida en contos, fotografías, debuxos, etc.
- ✓ Memorizar poemas, cancións sinxelas..
- ✓ Adquirir habilidades para producir textos orais axeitados a distintas situacións e fins.
- ✓ Identificar o código escrito en elementos da contorna e identificar o seu significado.
- ✓ Iniciarse na narración de historias coñecidas como medio de expresión e comunicación cos demais.
- ✓ Iniciarse a través da linguaxe na regulación da propia conducta.
- ✓ Acercarse á literatura infantil a través de contos, relatos, poemas...
- ✓ Ler e escribir o propio nome así como algunhas palabras e frases básicas máis relevantes do seu entorno máis inmediato.

- Competencia **matemática**:

Esta competencia inicia aos nenos/as na habilidade para empregar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Utilizar conceptos y procedementos do razoamento matemático para describir a realidade.
 - ✓ Identificar e empregar as nocións básicas de cantidade, medida, espaciais e temporais.
 - ✓ Coñecer a funcionalidade dos números nos distintos ámbitos da vida cotiá.
 - ✓ Realizar actividades de clasificación con obxectos como paso previo para organizar o coñecemento.
 - ✓ Iniciarse no coñecemento das relacións que se dan entre os elementos do medio físico.
 - ✓ Aplicar os coñecementos matemáticos adquiridos a outras actividades da vida cotiá.
 - ✓ Identificar, nomear e representar as formas básicas
 - ✓ Resolver pequenos problemas da vida cotiá, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Competencia no **coñecemento e na interacción co mundo físico**:

Esta competencia pretende que os alumnos/as amplíen os seus coñecementos sobre persoas, obxectos e outros elementos que conforman o mundo que os rodea; desenvolvendo habilidades para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de xeito que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e das demais mulleres e do resto dos seres vivos.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Percibir e coñecer a súa contorna.
- ✓ Preguntarse sobre os fenómenos naturais da súa contorna e acercarse ás respostas por medio da experimentación desenvolvendo o pensamento científico.
- ✓ Participar en iniciativas dirixidas a coidar e preservar o medio ambiente e o patrimonio cultural da súa contorna.
- ✓ Identificar e clasificar obxectos e materiais a partir de características físicas observables.
- ✓ Recoñecer e anticipar situacións ou actuacións de risco para evitar perigos.
- ✓ Identificar e valorar situacións e elementos da súa contorna que contribúen a benestar persoal e dos outros e do medio ambiente.
- ✓ Amosar actitudes de responsabilidade e respecto cara o espazo físico, cara un mesmo e cara os demais.
- ✓ Comprender e empregar nocións temporais : onte/mañá, antes/despois, un día, unha semana, as estacións,...

- Tratamento da **información e competencia dixital**:

Esta competencia fai referencia ao desenvolvemento de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos diferentes que van dende o acceso e selección de información ata o uso e a transmisión desta en distintos soportes, así como o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación como un elemento esencial para se informar e comunicar.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Descubrir a utilidade das novas tecnoloxías nas aprendizaxes.
- ✓ Adquirir habilidades para seleccionar e empregar distintas ferramentas tecnolóxicas.
- ✓ Empregar o rato do ordenado con certa destreza en diferentes aplicacións e con fins diversos: pinchar, arrastrar, abrir e pechar ventás, saír dunha aplicación...
- ✓ Manifestar interese por aprender a empregar os instrumentos tecnolóxicos con fins comunicativos.

- ✓ Iniciarse nas habilidades para buscar información e transformala en coñecemento.

- **Competencia social e cidadá:**

Esta competencia desenvolve habilidades que permiten vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive e exercer a cidadanía democrática. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para conviviren nunha sociedade cada vez máis plural, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos. Supón ser capaz de se poñer no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Descubrir algunhas das tradicións da contorna para poder axustar a propia conducta a elas.
- ✓ Adquirir habilidades para participar en proxectos e traballos colectivos.
- ✓ escoitar e respectar quenda de intervención en situacións de intercambio e de traballo en equipo.
- ✓ Participar na elaboración de normas de convivencia na aula, aceptalas e respectalas.
- ✓ Recoñecer e valorar a importancia da súa actividade na aula, na resolución de conflitos e na axuda aos demais.
- ✓ Identificar emocións nas persoas que teñen ao seu carón e actuar en consecuencia.
- ✓ Expresar as súas propias ideas e valorar e respectar as opinións dos demais, aínda sendo diferentes da propia.
- ✓ Coñecer e valorar a aportación de todas as persoas ao funcionamento da sociedade superando estereotipos relacionados con nivel social ou os roles de xénero.

- Competencia **cultural e artística**:

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e considéralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Supón igualmente apreciar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, a través de diferentes medios de expresión (a música, as artes visuais, as artes escénicas, a linguaxe verbal, a linguaxe corporal, as artes populares...).

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Desenvolver a capacidade expresiva a partir de diferentes técnicas
- ✓ Apreciar, comprender e valorar manifestacións culturais e artísticas que forman parte do noso patrimonio cultural.
- ✓ Realizar composicións creativas a partir do traballo coas formas xeométricas.
- ✓ Afianzar as nocións espaciais e temporais precisas para realizar pequenas dramatizacións y bailes sinxelos.
- ✓ Adquirir habilidades para empregar as linguaxes artísticas
- ✓ Aplicar distintas técnicas plásticas con fins creativos.
- ✓ Desenvolver o interese por coñecer obras de arte.
- ✓ Iniciarse no desenvolvemento das propias capacidades creativas.
- ✓ Expresar con xestos e movementos os sentimentos, as emocións o as vivencias

- Competencia para **aprender a aprender**:

A adquisición desta capacidade supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala de maneira autónoma. Implica poder desenvolverse ante as incertezas e tratar de procurar respostas que satisfagan a lóxica do coñecemento racional. Consiste en admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas dende diversos enfoques metodolóxicos. Require ser consciente do que se sabe e do que queda por aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe para optimizalos segundo as propias capacidades orientándoas ás necesidades persoais. É dicir, coñecer as propias potencialidades e carencias de xeito que tire proveito das primeiras e

se esforce para superar as segundas co fin de sentirse seguro ante novos retos de aprendizaxe e motivado a emprendela ante a perspectiva de éxito.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Empregar a observación, a manipulación e a experimentación para explorar e coñecer o mundo que os rodea.
- ✓ Organizar a información segundo as súas categorías e necesidades.
- ✓ Recoñecer as súas capacidades, aceptar os erros e as pequenas frustracións, aumentando o gusto por aprender.
- ✓ Respetar as pautas e normas básicas para levar a cabo o traballo na aula.
- ✓ Exercitar a atención e a memoria para favorecer aprendizaxes futuros.

- Competencia de **Autonomía e iniciativa persoal**:

Esta competencia fai referencia ao coñecemento de si mesmo, á posibilidade de operar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal coma no social. Esixe o desenvolvemento de valores persoais tales como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo, a demora da satisfacción e a capacidade para enfrontarse aos problemas, á honestidade e á comprensión das normas que permiten crear un código moral propio.

No grupo de 4 anos traballaremos os seguintes obxectivos:

- ✓ Aumentar a confianza en si mesmo mediante a participación en xogos, actividades e resolución de conflitos.
- ✓ Iniciarse na resolución autónoma de pequenos problemas da vida.
- ✓ Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- ✓ Coñecer mellor o propio corpo para ser cada vez máis autónomo.
- ✓ Iniciarse no coñecemento dos sentidos para desenvolver as actividades propostas de xeito máis seguro.

- ✓ Mellorar as propias capacidades da atención e a memoria necesarias para actuar con mellor seguridade.
- ✓ Adquirir un axeitado control dinámico e postural como medio de mellorar o coñecemento e a confianza en si mesmo.
- ✓ Explorar as distintas partes do corpo e as súas posibilidades motrices.
- ✓ Practicar e valorar actitudes e hábitos que repercuten no seu benestar persoal e dos demais.
- ✓ Coñecer, expresar e controlar as propias emocións e interesarse polas dos demais.

5. OBXECTIVOS

➤ OBXECTIVOS EN RELACIÓN COA EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E COVID 19

- Iniciarse na prevención e sensibilización individual e social, no marco da educación para a saúde.
- Adquirir habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene.
- Amosar unha actitude de responsabilidade, tanto individual como social, en relación coas medidas de hixiene, o distanciamento e o uso de elementos protectores para previr os contaxios.
- Concienciar ao alumnado das limitacións e condicionamentos que causa unha pandemia na vida persoal, escolar e social

➤ OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Os obxectivos xerais de toda a etapa de EI estarán moi presentes debido as características psico-evolutivas e os diferentes procesos madurativos, e son os seguintes:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para levalos a cabo contamos con obxectivos específicos de cada área de coñecemento, e que tendo en conta as características psicoevolutivas do grupo o nivel de adquisición será acorde co grupo de idades. Estes obxectivos son os seguintes:

➤ **Área :Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo/a a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- Iniciarse no coñecemento do seu corpo, dos seus elementos e dalgunhas das súas funcións básicas, comezando a descubrir as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Iniciarse na identificación dos propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias e ser capaz progresivamente de denominalos, expresalos e comunicárllelos ós demais, identificando e respectando, así mesmo, os dos outros.
- Realizar, de xeito progresivamente autónomo, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, aumentando o sentimento de auto confianza e a capacidade de iniciativa.

- Iniciarse na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo hábitos de respecto, axuda e colaboración e ao mesmo tempo evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto aos demais, aceptación das regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

➤ **Area:Coñecemento do contorno**

- Observar e explorar de forma activa o seu medio amosando interese polo seu coñecemento.
- Relacionarse coas compañeiras, compañeiros e adultos do seu medio próximo, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Iniciarse no coñecemento de distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, respecto e aprecio.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando de maneira moi sinxela algúns dos seus atributos e calidades.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establéceno relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,etc.

- Coñecer e valorar algúns dos compoñentes básicos do medio natural e algunhas das súas reaccións, cambios e transformacións desenvolvendo, progresivamente, actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

➤ **Área: Linguaxes: comunicación e representación**

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos(expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...)con diferentes interlocutores e en diversos contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación de convivencia e de aprendizaxe.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais (o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto) como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Expresar emocións, sentimentos, desexos e ideas mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Comezar a comprender as intencións e mensaxes doutros nenos, nenas e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto propia como estranxeira.
- Iniciarse na lectura de imaxes mediante a manipulación de debuxos, carteis, gravados, fotografías..., que acompañan os textos escritos, comezando a atribuírlles un significado.
- Achegarse a lingua escrita a través de diversos tipos de textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e tamén de pracer
- Iniciarse na exploración e a utilización de materiais, instrumentos e soportes propios da linguaxe escrita.

- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes e realizar actividades de representación e expresión artística mediante o emprego de diversas técnicas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula, e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC (ordenadores, internet, encerado dixital interactivo, vídeo) como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

5. CONTIDOS

➤ Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

- **O corpo e a propia imaxe.**
 - Imaxe global do corpo humano.
 - O esquema corporal.
 - Segmentos e elementos constitutivos do corpo.
 - Necesidades básicas do corpo.
 - Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos outros.
 - Os sentidos: o seu uso e función.
 - Sentimentos e emocións propios e dos outros e a súa expresión corporal.
 - As referencias espaciais en relación co propio corpo.
 - Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo.
 - Identificación de diferenzas e semellanzas cos outros.
 - Percepción dos cambios físicos propios e dos outros e saber relacionalos co paso do tempo.
 - Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais.
 - Utilización dos sentidos como medio de exploración do corpo e da realidade exterior.

- Identificación e percepción das sensacións que se obteñen do propio corpo.
- Regulación e control progresivo de sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo/a, das posibilidades e limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas.
- Valoración positiva de si mesmo/a aceptación das propias posibilidades e limitacións.
- Actitude de aceptación das características e das diferenzas entre as persoas evitando comportamentos discriminatorios.
- Actitude positiva ante as manifestacións de afecto dos outros.
- Confianza na propia capacidade para realizar actividades.

- **Xogo e movemento**

- Posibilidades e limitacións motrices do corpo e dos seus segmentos.
- Movementos combinados.
- Habilidades motrices de carácter fino.
- Posturas e contrastes posturais.
- Control postural.
- Posturas axeitadas.
- Xogo simbólico e xogo regulado.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Descubrimento e desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo en situacións e actividades cotiás.
- Exploración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Situación e desprazamentos no espazo real.
- Adaptación tónico-postural ás diversas accións, ós xogos e ás situacións.
- Esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico.
- Comprensión e aceptación das regras dos xogos.
- Reprodución de posturas co corpo.

- Coordinación e control do movement do corpo e das súas partes e adquisición de habilidades motrices novas.
- Utilización correcta de pequenos aparatos e obxectos: punzóns, tesoiras, lapis...
- Coordinación e control de habilidades manipuladoras de carácter fino.
- Confianza nas súas posibilidades motrices.
- Gusto polo xogo.
- Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Aceptación das regras que rexen os xogos.
- Interese e iniciativa pola adquisición de novas habilidades.
- Actitude de axuda e colaboración cos outros nenos e coas outras nenas.
- Gusto pola actividade física e pola precisión de movementos.

- **Actividade e a vida cotiá**

- As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, de cumprimento de rutinas, de colaboración e os seus requirimentos.
- Normas de relación e convivencia nos diferentes contextos.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Habilidades para a interacción e a colaboración.
- Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás.
- Adecuación do comportamento ás distintas situacións da actividade cotiá.
- Conciencia da propia competencia na resolución das diferentes tarefas da vida cotiá.
- Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das actividades da vida cotiá.
- Coordinación e colaboración cos outros. Deste xeito, ofrécenlles e solicítanlles axuda deles nos diversos momentos de actividade.
- Percepción das pautas de comportamento e das normas básicas dos diversos contextos cos que se relaciona.

- Colaboración no establecemento dalgunhas normas no ámbito familiar e escolar.
- Participación na resolución dos conflitos que se presentan no ámbito escolar e na utilización do diálogo como forma de resolvelos.
- Iniciativa e autonomía nas distintas actividades cotiás.
- Satisfacción pola realización de tarefas.
- Gusto polo traballo ben feito por un mesmo/a e polos demais.
- Valoración e aceptación das normas establecidas nos diferentes contextos.
- Actitude de compartir, escoitar, esperar, atender...
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Actitude de colaboración e solidariedade; descéntrase do propio punto de vista e ten en conta o dos outros.

- **O coidado persoal e a saúde**

- Hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Accións que favorecen a saúde e xeran benestar propio e dos demais.
- A enfermidade: prevención.
- Seguridade persoal.
- Coidado e orde no medio próximo.
- Limpeza das distintas partes do corpo e emprego adecuado dos espazos e materiais.
- Aplicación dos hábitos de hixiene corporal.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza do medio onde se desenvolven as actividades cotiás.
- Colaboración nas actividades relacionadas coa alimentación ou co descanso.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Utilización axeitada dos útiles necesarios para comer.
- Aceptación das normas establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

- Adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais.
- Coidado e precaución ante obxectos e situacións que poden resultar perigosos.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen ou non a saúde.
- Gusto e gozo co aspecto persoal pulcro e coidado.
- Aceptación das normas relacionadas cos hábitos de hixiene, alimentación, descansos e desprazamentos.
- Gusto por desenvolver actividades en ambientes limpos e ordenados.
- Actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e accidentes.

➤ **Coñecemento do medio**

- **Medio físico: elementos, relacións e medida**

- Obxectos presentes no medio natural e social: pedra, produtos, algunhas ferramentas...
- Obxectos de uso cotián relacionados co aseo, co vestido e coa alimentación. O seu uso axeitado e convencional.
- Atributos sensoriais dos obxectos: cor, tamaño, sabor, son, plasticidade e dureza.
- Propiedades dos obxectos: cor, forma e tamaño.
- Relacións entre obxectos e coleccións.
- Cuantificadores: todo-nada, moito-pouco, máis ca-menos ca, ningún-varios, cheo-baleiro e igual que.
- A serie numérica: os 9 primeiros números.
- O número cardinal e o ordinal.
- Nocións básicas de medida: grande-mediano-pequeno, longo-curto, alto-baixo e pesado-lixero.
- Unidades de medida naturais e arbitrarias: man, pé, paso, táboas e algúns obxectos.

- Medidas temporais: moito anaco-pouco anaco, agora, logo, antes, despois, rápido-lento, día e semana.
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo e óvalo
- Nocións básicas de orientación e situación no espazo: arriba-abaixo, encima-debaixo, dentro-fóra, diante-detrás, preto-lonxe, pechado-aberto, xunto-separado e esquerda-dereita.
- Exploración de obxectos: percepción, manipulación e experimentación
- Identificación das sensacións que produce a actividade con obxectos.
- Produción de cambios e transformacións sobre os obxectos, observando os resultados.
- Clasificación e agrupación de obxectos segundo as súas características, usos e funcións
- Discriminación de formas, tamaños, cantidades, situacións espaciais, cores..., mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
- Utilización correcta dalgúns obxectos en relación co uso que teñen.
- Exploración das calidades sensoriais dos obxectos.
- Comparación e agrupación de obxectos, atendendo a atributos diversos.
- Aproximación á cuantificación de coleccións.
- Ordenación de obxectos atendendo ó grao de posesión dunha determinada calidade.
- Uso contextualizado dos primeiros números ordinais.
- Utilización do cálculo como estratexia de estimación e uso dos números cardinais referidos a cantidades manexables.
- Verbalización do criterio de pertenza ou non pertenza a unha colección.
- Utilización axeitada dos cuantificadores.
- Utilización da serie numérica para contar elementos.
- Representación gráfica dos cardinais.
- Enumeración verbal dos ordinais.

- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen engadir, quitar e repartir.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do medio.
- Exploración dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Estimación intuitiva da duración de certas rutinas da vida cotiá en relación coa medida de tempo.
- Situación e localización de si mesmo/a e dos obxectos no espazo segundo as nocións básicas.
- Realización de desprazamentos orientados.
- Uso axeitado das nocións espaciais.
- Interese pola exploración e experimentación cos obxectos.
- Actitude de compartir xoguetes e obxectos do seu medio familiar e escolar.
- Respecto e coidado polos obxectos de uso individual e colectivo.
- Curiosidade por coñecer algúns obxectos tecnolóxicos habituais nas actividades cotiás.
- Actitude de coidado cara a algúns obxectos que poden resultar perigosos.
- Gusto pola exploración e comparación de obxectos.
- Apreciación da utilidade dos números para resolver os problemas da vida cotiá.
- Curiosidade por descubrir a medida dos obxectos.
- Actitude de interese e observación ante a organización do espazo.
- Gozo coa actividade matemática.

- **Achegamento a natureza.**

- Características xerais dos seres vivos.
- Distintos tipos de seres vivos: semellanzas e diferenzas.
- Animais e plantas do medio.
- Cambios que se producen nos animais e nas plantas no curso do seu desenvolvemento.
- Animais e plantas en distintos medios.
- Utilidade e interdependencia entre animais, plantas e persoas.

- Fenómenos atmosféricos do medio natural: chuva, vento, día, noite...
- Papel do home como conservador e repoboador do medio natural e a súa acción, en ocasións, depredadora do devandito medio.
- Produtos elaborados polo home a partir de materias primas procedentes de animais e plantas.
- Observación directa e sistemática dos elementos do medio natural.
- Observación das características e costumes dalgúns animais e dalgúns plantas do seu medio.
- Observación e seguimento do ciclo vital dalgúns plantas e dalgúns animais, establecendo relacións co paso do tempo.
- Coidado de animais e plantas na aula.
- Clasificación de animais segundo as súas características: peteiro, plumas, pelo...
- Clasificación de animais: domésticos/salvaxes.
- Clasificación de animais segundo o medio no que viven.
- Comparación das características que presentan os seres vivos.
- Observación dos cambios producidos no desenvolvemento das plantas: crecemento.
- Formulación de conxecturas sobre as causas e consecuencias dalgúns fenómenos atmosféricos.
- Identificación das relacións entre animais e plantas e os produtos que nos proporcionan.
- Observación da relación de utilidade entre os animais, as plantas e as persoas.
- Observación das modificacións que se producen no medio natural co paso do tempo, o clima e a intervención humana.
- Contribución á conservación e ó mantemento de ambientes limpos, saudables e non contaminado
- Interese por coñecer as características e funcións dos seres vivos.
- Valoración da importancia das plantas e dos animais para a vida das persoas.
- Respecto e coidado polos elementos do medio natural.
- Curiosidade e respecto cara ós animais e ás plantas do seu medio.

- Interese e gusto polas relacións cos elementos do medio natural: animais e plantas.
- Valoración dos ambientes limpos, non degradados nin contaminados.
- Gusto e gozo polas actividades realizadas en contacto coa natureza.
- Valoración da importancia da natureza para a saúde e o benestar.

- **Cultura e vida en sociedade**

- A escola: como é, as súas dependencias, uso e funcións.
- Membros persoais: as súas funcións e ocupacións.
- A clase: distribución e emprego dos seus espazos, obxectos e mobiliario.
- A casa: distintos tipos de vivendas.
- A nosa casa: como é, onde está.
- Obxectos, dependencias, mobiliario: o seu uso e a súa función.
- Tarefas cotiás do fogar.
- A familia: os seus membros, relacións de parentesco, funcións e ocupacións.
- Distintos tipos de estrutura familiar.
- Lugar que ocupa na súa familia.
- Medio do neno e da nena: a rúa, o barrio.
- Elementos que forman o medio urbano e as súas características.
- Diferentes medios: paisaxe rural e paisaxe urbana.
- Elementos naturais do medio urbano e elementos construídos polo home.
- A actividade humana no medio: funcións, tarefas e oficios máis habituais.
- Servizos relacionados co consumo: produtos e establecementos.
- Distintos medios de transporte.
- Normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de comunicación: televisión, radio, prensa e teléfono.

- Lugares para divertirse e aprender: teatro, circo... As súas posibilidades.
- Tradicións, folclore e costumes da súa localidade.
- Formas sociais do tempo: días da semana, días laborais e festivos, onte, hoxe, mañá, as estacións...
- Actuación autónoma e adaptada ós diferentes grupos.
- Toma de conciencia da necesidade da existencia dos diferentes grupos sociais e valoración da súa importancia para a vida.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen nos distintos grupos.
- Uso contextualizado das normas elementais de convivencia.
- Participación autónoma e responsable nas diferentes tarefas da vida cotiá tanto familiar coma escolar.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo.
- Observación dos medios rural e urbano, dos seus elementos, das súas funcións e da súa utilidade.
- Descubrimento dos cambios producidos no medio pola actuación humana.
- Coidado do medio e colaboración no seu mantemento e na súa conservación.
- Recoñecemento das profesións máis habituais e próximas á nena e ó neno e a súa relación cos distintos servizos públicos.
- Observación dos diferentes establecementos de consumo.
- Coñecemento dos distintos tipos de transporte e as súas características.
- Coñecemento e respecto das normas elementais de seguridade viaria.
- Atención ós coñecementos que nos transmiten os medios de comunicación.
- Percepción das formas sociais do tempo.
- Achegamento aos costumes e ó folclore característicos da súa localidade.

- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio.
- Aceptación da propia situación familiar.
- Interese por participar na vida familiar e escolar.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Valoración e aceptación das normas que rexen os grupos familiar e escolar.
- Respetto pola diversidade de sexos, roles, profesións, idades...
- Respetto e coidado polos espazos en que se desenvolven e polos obxectos presentes neles.
- Interese por coñecer as características do propio medio.
- Valoración e respecto cara a tódolos traballos desempeñados polas persoas.
- Valoración dos distintos servizos que nos ofrece a sociedade.
- Interese por coñecer os distintos medios de transporte e de comunicación.
- Aceptación das normas elementais de seguridade viaria.
- Desexos de participar en actividades sociais e culturais.

➤ **Linguaxes: comunicación e representación**

• Linguaxe verbal

Escoitar, falar e conversar

- A linguaxe oral como medio de comunicación e información.
- Vocabulario rico e acorde cos distintos contextos e coas diferentes situacións de comunicación.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Aquelas palabras e expresións dunha lingua estranxeira que, estando relacionadas cos contidos das unidades didácticas, se poidan introducir:
 - Cores
 - Membros da familia.

- Números.
- Festas e celebracións.
- Saúdos.
- Elementos do corpo.
- Animais.
- Días da semana.
- Expresións e frases moi sinxelas.
- Valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos e para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Produción de mensaxes orais referidas a necesidades, emocións, desexos, intencións, propostas e opinións.
- Comprensión das intencións comunicativas dos outros nas diferentes situacións de intercambio oral.
- Uso progresivo, acorde á idade, de léxico variado e con crecente precisión.
- Pronuncia axeitada dos sons da lingua.
- Construción e utilización oral de distintos tipos de frases para o que botarán man das variedades morfolóxicas de xénero, número, persoa, tempo...
- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación, en diálogos colectivos, libres ou dirixidos, respectando as normas que rexen os intercambios lingüísticos.
- Utilización axeitada das normas socialmente establecidas para solicitar, despedirse e saudar.
- Relatos de feitos, situacións, vivencias e contos ben ordenados temporalmente.
- Utilización de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación...) para reforzar o significado das mensaxes transmitidas.
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fale de temas coñecidos e predicibles.

- Recoñecemento e valoración da linguaxe oral como medio de transmisión de sentimentos, ideas, intereses e desexos de coñecerlos dos outros.
 - Interese e iniciativa por participar nas situacións de intercambio oral.
 - Respecto e aceptación das normas sociais que regulan o intercambio oral.
 - Actitude de escoita cara aos outros nas súas interpretacións orais.
 - Interese polo enriquecemento e pola mellora das súas producións lingüísticas.
 - Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.
 - Actitude positiva cara a lingua estranxeira
- Aproximación á lingua escrita
 - A lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo.
 - Formas escritas e formas de expresión gráfica.
 - Instrumentos da lingua escrita: libros, revistas, etiquetas, carteis...
 - Descubrimento da linguaxe escrita como medio de comunicación, información e gozo.
 - Produción e interpretación de códigos de simbolización gráfica.
 - Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica
 - Comprensión e produción de imaxes de forma secuenciada.
 - Iniciación ao coñecemento do código escrito a través de palabras e frases significativas.
 - Utilización de esquemas gráficos para a transmisión de mensaxes sinxelas.
 - Destreza na utilización das habilidades grafomotrices.
 - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
 - Percepción de semellanzas e diferenzas sinxelas en palabras escritas.

- Identificación dalgunhas palabras e frases escritas moi significativas e usuais para o neno e para a nena.
 - Iniciación no uso da escrita para cumprir finalidades reais.
 - Valoración e interese pola linguaxe escrita como medio de información, diversión e comunicación.
 - Gusto por oír e follear contos e narracións.
 - Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións lidas por outras persoas.
 - Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da lingua escrita: linealidade, orientación e organización do espazo.
 - Gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.
- Achegamento a literatura
 - Textos de tradición oral: contos, cancións, poesías, adiviñas e trabalinguas.
 - Textos literarios contemporáneos.
 - Xogos lingüísticos.
 - Comprensión e reprodución oral dalgúns textos da tradición cultural contados ou lidos polos adultos.
 - Recitado dalgúns textos poéticos gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
 - Participación en xogos lingüísticos.
 - Dramatización de textos literarios.
 - Utilización da biblioteca da aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e de gozo.
 - Interese e respecto cara ás manifestacións orais da súa tradición cultural.
 - Actitude de orde e coidado no recuncho da biblioteca.
 - Interese por compartir as sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
 - Gusto polas dramatizacións literarias.
 - Interese pola lectura.

- Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación
 - Obxectos tecnolóxicos habituais que se utilizan nas actividades cotiás: ordenador, reprodutores musicais, televisión, DVD, videoxogos
 - Xogos e actividades interactivas.
 - Algúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, reprodutores de imaxe e son,...
 - A linguaxe audiovisual.
 - Iniciación no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
 - Achegamento a diferentes producións audiovisuais: películas, debuxos animados, videoxogos,...
 - Valoración crítica do contido dalgúns producións audiovisuais.
 - Discriminación progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
 - Uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
 - Reforzo de diferentes contidos traballados na clase mediante a realización de xogos interactivos no ordenador.
 - Curiosidade polos instrumentos tecnolóxicos.
 - Gozo cos xogos interactivos.
 - Actitude de coidado cos instrumentos tecnolóxicos.

- Linguaxe artística
 - A expresión plástica como medio de comunicación e representación.
 - Materiais específicos e non específicos para a expresión plástica.
 - Técnicas básicas da expresión plástica: debuxo, pintura, modelaxe, *collage*...
 - Útiles e instrumentos da expresión plástica.
 - Gama de cores primarias, a súa mestura e os contrastes claro-escuro.

- Diversidade de obras plásticas que se producen e atopan no medio: pintura, escultura, debuxos...
- Ruído, silencio e música.
- Propiedades sonoras do propio corpo e dos obxectos.
- Calidades do son: intensidade, duración, ton e ritmo.
- Instrumentos musicais.
- Cancións, danzas e bailes.
- Exploración dos materiais e dos útiles da linguaxe plástica.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, espazo...
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías..., a través do debuxo e doutras producións plásticas.
- Representación da figura humana no seu conxunto; coa diferenciación das distintas partes e os segmentos corporais.
- Control do xesto gráfico e do instrumento nas elaboracións plásticas.
- Identificación das cores primarias e das secundarias a partir das primarias.
- Identificación do contraste claro-escuro nas cores.
- Uso do *collage* como medio de experimentación con diversos materiais, formas e cores.
- Realización de formas sinxelas a través da modelaxe.
- Atribución ou identificación do tema dalgunha obra plástica.
- Identificación e diferenciación entre ruído, silencio e música.
- Exploración das propiedades sonoras da voz, do corpo, dos obxectos e dalgúns instrumentos musicais.
- Discriminación dos contrastes básicos: forte-suave, longo-curto, agudo-grave e subida-baixada.
- Producción e reprodución de sons.
- Memorización e interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participación activa en bailes e danzas sinxelas.

- Utilización de instrumentos musicais de percusión para acompañar as cancións e marcar un ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no medio.
- Interese pola produción artística.
- Gusto e gozo coas propias elaboracións plásticas e coas dos outros.
- Actitude de respecto cara a tódalas producións plásticas.
- Coidado e uso axeitado dos diversos materiais e útiles.
- Interese por coñecer as técnicas plásticas.
- Gusto e pracer coa música, o canto e o baile.
- Actitude de atención nas audicións musicais.
- Valoración das cancións e danzas propias do folclore da comunidade á que pertence.
- Respecto polas producións musicais dos demais.

- Linguaxe corporal

- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos e emocións.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, equilibrio e relaxación.
- Experimentación das posibilidades expresivas do propio corpo a través de xestos e movementos.
- Expresión de sentimentos e emocións co propio corpo.
- Interpretación das mensaxes transmitidas polos outros a través do corpo.
- Automatización e realización de nocións de direccionalidade co propio corpo.
- Desprazamento polo espazo adecuando o propio movemento ó espazo e ó movemento dos outros.
- Mantemento do equilibrio en diversas situacións de actividade.
- Automatización das técnicas de relaxación global e segmentaria.
- Control da respiración nas diferentes actividades tanto de movemento coma de relaxación.

- Imitación e representación espontánea de persoas, situacións e historias sinxelas, reais ou imaxinarias en xogos simbólicos, individuais e compartidos.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogos simbólicos e outros xogos de expresión corporal.
- Interese e iniciativa por participar nas representacións.
- Desexos de comunicarse e expresarse mediante a linguaxe corporal.
- Atención e gozo nas representacións dramáticas.
- Espontaneidade nas dramatizacións, danzas, bailes...
- Esfuerzo por transmitir sentimentos e emocións a través da expresión corporal.
- Gusto polo labor persoal e orixinal nas actividades de expresión corporal.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A continuación enumeramos uns criterios xerais de avaliación:

- **Coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal**

- Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal.
- Identificar e nomea-las diferentes partes do corpo.
- Situar espacialmente as distintas partes do corpo en relación a si mesmo/a e ós demais.
- Controlar progresivamente o seu corpo, global e sectorialmente.
- Progresar na adquisición de destrezas motoras e habilidades manipuladoras.
- Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo.
- Identificar os sentidos e as principais sensacións asociadas a cada un deles.
- Confiar nas propias posibilidades.
- Respetar e aceptar as características dos demais.
- Mostrar actitudes de axuda e colaboración.

- Formar unha imaxe persoal positiva e axustada de si mesmo/a.
- Coñecer as súas propias posibilidades e limitacións.
- Realizar as tarefas da vida cotiá con seguridade, confianza, iniciativa e autonomía progresiva.
- Valorar as actuacións propias e as dos demais.
- Participar nos xogos.
- Comprender e utilizar adecuadamente as normas que rexen os xogos.
- Progresar na coordinación e control das habilidades manipuladoras de carácter fino.
- Expresar sentimentos e emocións.
- Comprender e interpretar os sentimentos e emocións dos demais.
- Contribuír á convivencia.
- Adquirir hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.
- Controlar progresivamente as súas necesidades básicas.
- Colaborar na creación dun medio agradable e dun ambiente favorecedor de saúde e benestar.

- **Coñecemento do medio**

- Identificar e nomear obxectos e elementos do medio inmediato e actuar sobre eles.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas.
- Iniciarse na cuantificación e interpretación dos elementos do medio natural.
- Cuantificar coleccións de elementos mediante o uso da serie numérica.
- Resolver sinxelos problemas matemáticos da súa vida cotiá.
- Manexar nocións espaciais e temporais básicas.
- Interesarse polo medio natural.
- Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza.
- Participar en actividades encamiñadas ó coidado da natureza.
- Identificar algúns dos cambios naturais que afectan á vida cotiá das persoas.

- Coñecer, identificar e describir persoas e colectivos do seu medio.
- Identificar as características dos grupos sociais máis próximos.
- Coñecer diferentes servizos comunitarios: mercado, atención sanitaria, medios de transporte...
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio.
- Participar na elaboración de normas nos diferentes grupos cos que se relaciona.
- Analizar situacións conflitivas da vida cotiá e resolvelas axeitadamente.
- Identificar outras culturas presentes no medio.
- Establecer relacións de afecto, respecto e xenerosidade con tódalas súas compañeiras e compañeiros.

- **Linguaxes: comunicación e representación**

- Utilizar a lingua oral para comunicarse positivamente cos seus iguais e coas persoas adultas.
- Comprender diferentes mensaxes orais, relatos, producións literarias, descricións, explicacións e informacións.
- Amosar actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Participar en diferentes conversacións.
- Amosar unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Expresarse e comunicarse oralmente con claridade e corrección.
- Resolver situacións conflitivas mediante o diálogo.
- Comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais.
- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no medio próximo.
- Iniciarse no uso dos textos escritos.
- Coñecer algunhas características do código escrito.
- Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.
- Gozar compartindo a audición e a lectura de textos literarios.
- Expresarse e comunicarse empregando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

- Amosar interese por explorar as posibilidades das diferentes linguaxes.
- Compartir experiencias estéticas e comunicativas.
- Experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor, a textura e os sons.
- Desenvolver a sensibilidade estética.
- Amosar unha actitude positiva cara ás producións artísticas en distintos medios.
- Utilizar o ordenador e outros instrumentos tecnolóxicos como vehículos de expresión e comunicación.

7. ACTIVIDADES

As actividades son o conxunto de situacións de ensinanza-aprendizaxe nas cales imos a traballar cos alumnos/as os contidos que seleccionamos para que alcancen os obxectivos propostos e nas cales se van a levar a cabo, de maneira activa e ordenada, as estratexias metodolóxicas.

Á hora de programar as nosas actividades hai que ter en conta que sexan significativas, é dicir, que se relacionen cos seus coñecementos previos, que abrangan todos os ámbitos de experiencias, os intereses e necesidades dos alumnos/as, a participación dos distintos membros da Comunidade, que partan do próximo ao máis afastado e que sexan avaliáveis.

As actividades a levar a cabo, son as seguintes:

- Previas ou de motivación
- De desenvolvemento: nas que pode haber diferentes tipos de agrupamento (gran grupo, pequeno grupo, individual)
- De avaliación
- De apoio e reforzo
- De ampliación e afondamento.

• ACHEGAMENTO A LECTO-ESCRITURA

Ler e escribir son actividades de carácter social e interactivo, con elas ampliamos e construímos o coñecemento do que nos rodea, pero ao contrario que a fala, que sae espontaneamente, a lecto-escritura debe ensinarse de maneira intencional e sistematizada.

Para que se sinta interesado pola lecto-escritura debe darse conta das múltiples funcións que ten: contar cousas, recordar datos, transmitir coñecementos e informacións, expresar sentimentos e ideas...

Ao non ser una necesidade intrínseca do ser humano, non se adquire coa maduración de forma espontánea, polo que require actitudes positivas e motivación, no que a escola ten una función básica.

Debemos ler e escribir todos os días desde diferentes motivacións. Dende o modelo constructivista a lectura e a escritura considéranse dous procesos moi relacionados, e para que se garanten o seu significado deben abordarse de xeito global.

A adquisición da lecto-escritura ten como obxectivo básico o propiciar e favorecer novas maneiras de comunicarse co que lle rodea.

Partimos do neno/a, dos seus coñecementos e o mestre debe ter un papel de acompañante, expondo situacións e estimulando a súa curiosidade, axudando a reflexionar e buscar respostas. O material pode servir todo, non descartaremos nada dende contos ,folletos, xornais, carteis, láminas, etc.

É preciso seguir un proceso de observación e interpretación para ir axustando a proposta educativa ao desenvolvemento e ás necesidades que o proceso de aprendizaxe xera.

8. TEMPORALIZACIÓN

Podemos dicir que non existe unha distribución de xornada escolar válida para tódolos grupos de alumnos/as, con todo hai unha serie de criterios básicos que sempre debemos ter presentes:

- ✓ A organización temporal debe respectar a globalidade do neno/a permitindo satisfacer todas as súas necesidades: de movemento, de xogo, descanso, hixiene, alimentación,...
- ✓ O horario debe respectar os tempos e ritmos individuais deixando tempo suficiente para que todos/as poidan acabar as actividades.
- ✓ O horario debe ser o suficientemente flexible para permitir e dar cabida a actividades non programadas con antelación que xurdan da propia dinámica da aula.
- ✓ Os tempos dedicados ás actividades deben ser curtos e cambiantes para evitar a fatiga, cansazo e a falta de atención.
- ✓ Hai que programar actividades tanto individuais coma grupais e en equipo, para favorecer a cooperación a socialización de nenos/as.
- ✓ É preciso coordinar o horario da aula con outros do centro para a utilización de espazos comúns que se seguen a usar como patio cuberto.

Na Educación Infantil imos a organizar o tempo a través de **rutinas diarias ou momentos significativos**, que son pautas de tipo social marcadas polo adulto, e que se repiten diariamente con frecuencia e ritmo determinado. Polo tanto, temos que dar moita importancia á organización destes marcos habituais, pois proporcionan ao neno/a un marco de referencia, e a seguridade de saber que facer en cada momento, axúdalles a organizar e estruturar o concepto de tempo, estimula a autonomía e favorecen a adquisición de hábitos tan importantes para a estruturación do eu. Agora ben, esta estabilidade non se pode confundir con rixidez nin con excesiva división do tempo.

Tendo en conta todos estes aspectos, os momentos que incluiremos na nosa xornada escolar son os seguintes:

- Entrada: saúdo, colgar cazadoras e mochilas no espazo individual
- Rutinas: pasar lista, mirar a data , o tempo atmosférico, encargado, quen falta e escribir os seus nomes, contar cantos estamos na escola,...
- Asamblea: na que os nenos/as contan as súas experiencias, algunha nova, cantamos cancións, miramos algún conto, poesía, etc.

- Traballo individual ou colectivo.
- Traballo por subgrupos estables.
- Recollida individual do material, aseo e merenda de media mañá.
- Control de esfínteres.
- Patio-recreo
- Relaxación para recuperar o ritmo ou concentración.
- Conto: Hora de ler
- Xogo libre por recunchos.
- Saída: supón recoller, levar as súas pertenzas, poñerse na fila....

*** Ao longo da xornada lavaranse as mans ou desinfectaranse con xel hidro-alcohólico varias veces***

Teremos en conta as sesións cos especialistas de Inglés, Relixión, Música e Arts (materia impartida en inglés).

Realizaremos todos os días unha serie de rutinas que lle aportarán seguridade e permitirán que diferencie os distintos momentos do día, e poder así anticipar ou prever o que pasará despois.

9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é unha actividade valorativa e investigadora, facilitadora do cambio educativo. Na Educación Infantil será global, continua e formativa para axustar a axuda ás características individuais dos nenos e nenas nos momentos precisos e ás súas necesidades específicas.

A avaliación servirá para identificar os aprendizaxes adquiridos, o nivel de desenvolvemento acadado nas competencias básicas en función do seu ritmo e as características de cada neno/a. A estes efectos empregaranse os criterios de avaliación establecidos en cada unha das áreas.

Avaliaremos:

- ❖ O proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- ❖ A práctica educativa.
- ❖ O desenvolvemento das capacidades dos nenos/as.
- ❖ A propia programación
- ❖ A distribución do tempo, os espazos, os agrupamentos, os recursos, materiais...

Realizaremos os seguintes tipos de avaliación:

- Avaliación Inicial:

Que establecerá o punto de partida do proceso ensino-aprendizaxe. Ao comezo de cada proxecto ou secuencia didáctica no momento da asemblea a través de preguntas, cun debuxo, entrevistas ...Coñeceremos o que saben e o que non saben para así garantir que se leve a cabo un proceso de aprendizaxe significativo.

- Avaliación continua e formativa:

Na que se nos informa sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, dificultades atopadas, e nos permite facer as modificacións precisas para adaptalo ao grupo-clase e aos obxectivos previstos.

- Avaliación continua:

A que nos permite saber en que medida se desenvolveron as capacidades expresadas nos obxectivos. Na Educación Infantil non se trata dunha valoración cuantitativa do éxito ou fracaso na realización de aprendizaxes, se non unha apreciación cualitativa da evolución do neno/a no proceso educativo e debe estar referido ás capacidades e non aos coñecementos.

Instrumentos de avaliación

- ✓ **Técnicas de observación.**

Para isto levaremos a cabo un diario de clase onde anotaremos os acontecementos máis relevantes de cada día.

- ✓ **Listas de control.**

Reflexan unha serie de datos a observar e anotamos a presenza ou ausencia no desenvolvemento da actividade ou tarefa.

✓ **Escalas de valoración.**

Reflexan unha serie de trazos nos que se gradúa o nivel de adquisición do aspecto observado a través dunha serie de valoracións progresivas (nunca, sempre, moito, pouco, nada...)

✓ **Intercambios orais cos compañeiros.**

✓ **Entrevistas coas familias.**

Que nos poden aportar datos sobre conductas dos nenos/as.

✓ **Análise das produción dos nenos/as**

✓ **Sesións de seguimento por parte de todo o Equipo Docente.**

Avaliaremos, xunto ás competencias acadadas polo alumnado, a propia práctica docente.

10. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A intervención pedagóxica lévase a cabo en función de catro principios metodolóxicos:

- **Principio de globalización:** pártese da realidade do neno/a e dos seus coñecementos previos para axudarlles a avanzar na construción dos seus significados e facilitar así as aprendizaxes significativas que buscamos.

- **Principio de actividade:** os nenos/as son activos por natureza e necesitan facer, manipular e experimentar, para así poder construír os seus esquemas cognitivos.

- **Principio de actividade lúdica:** o xogo constitúe un recurso didáctico sempre presente na aula, sendo esencial non facer distincións entre o xogo e o traballo, pois o que perseguimos é que os nosos alumnos/as aprendan xogando e xoguen aprendendo.

- **Principio da pedagogía do éxito:** seguindo as teorías de Vigotsky (principal expoñente da escola soviética), nunca debemos propoñer actividades

que resulten demasiado complexas de resolver para os nenos/as, senón que o que buscamos é que eles vaian construíndo aprendizaxes a través de pequenos logros. Dentro da metodoloxía hai que ter en conta outros dous aspectos importantes como son a distribución espazo-temporal e os recursos que usamos para desenvolver a programación que se explicaran máis adiante.

✓ PAUTAS METODOLÓXICAS

- Orientacións didácticas xerais

Neste curso académico 2021-22 levaremos a cabo o proceso de ensinanza- aprendizaxe baixo os seguintes criterios metodolóxicos:

- *Prever a diversidade do alumnado* adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e aos estilos cognitivos do alumnado. Así mesmo, ter en conta o contexto sociocultural no que viven.

- *Utilizar estratexias comunicativas*, vocabulario e terminoloxía adaptados á tipoloxía de alumnado que temos na aula. Intentar que nun primeiro momento sexan eles os que busquen solucións para superar as súas dificultades. Potenciar a reflexión co obxectivo de que, unha vez resolto o conflito cognitivo, cheguen ás súas propias conclusións en función dos seus coñecementos e experiencias previas.

- *Crear un clima relacional e de afectividade positivo*. Establecer unha relación de confianza entre o alumnado e a educadora, procurando en todo momento que se sintan con tranquilidade e con confianza, que non teñan medo a participar ou a equivocarse e que se encontren a gusto á hora de comunicar as súas ideas. Traballar para que acepten as súas propias posibilidades e as súas limitacións, as entendan e as respecten. Potenciar, en definitiva, a súa autoestima e favorecer a súa integración social.

- *Utilizar as situacións de interacción como un recurso máis* para axudar a cada alumno e alumna que o necesite, tendo en conta as súas capacidades e as súas dificultades. Facilitar a participación de todos e todas, en función das súas propias posibilidades.

- *Explicarlle ao alumnado os seus acertos e os seus erros*, fomentando os primeiros e desdramatizando os últimos.

- *Equilibrar os aspectos de novidade co compoñente indispensable*

nestas idades de reiteración e de rutina.

- Ter en conta, á hora de *planificar a distribución horaria do día*, os seguintes aspectos: a alternancia entre períodos de descanso e períodos de actividade; entre as actividades que requiren atención e concentración e outras que non necesitan tanta; o tempo de dedicación ao alumnado que necesitan unha atención individualizada; o tempo que se dedicará ás actividades colectivas e ás individuais.

- *Organizar o tempo de realización das actividades tendo en conta o ritmo do grupo-clase*; respectar a alternancia de esforzo, concentración e movemento; aproveitar os feitos espontáneos que xurdisen ao longo da sesión ou da xornada.

- *Organizar os espazos* tendo en conta que favorezan a participación, os desprazamentos, a autonomía, o control, o traballo en grupo, o traballo individual e o traballo colectivo.

- *Incorporar e utilizar na aula os materiais que o alumnado poida encontrar na súa vida diaria* e que lles proporcione diferentes niveis de resolución das actividades de aprendizaxe.

- *Implicar ó alumnado, na medida do posible, no funcionamento e na organización da aula*. Asignarlles progresivamente responsabilidades para que colaboren no mantemento da orde e participen na dinámica establecida conxuntamente. Intentar que se sintan ben na clase e que teñan ganas de aprender e de participar nas actividades. Establecer de forma clara e explícita estratexias que impliquen un compromiso mutuo, non só por parte do alumnado.

- *Establecer canles de comunicación e colaboración coas familias*. Intentar xerar un clima de confianza mutua. Facelos partícipes dalgúns aspectos da organización da aula e da realización de determinadas actividades de aprendizaxe.

- *Planificar actividades para que o alumnado poida participar nalgúns aspectos da súa avaliación*, como unha parte máis do proceso de aprendizaxe.

➤ **Traballo por proxectos**

O traballo por Proxectos basease nunca concepción constructivista do aprendizaxe, onde a intervención pedagóxica vai encamiñada a promover o

aprendizaxe significativo dos nenos/as dunha maneira intencional e reflexiva. A moso o coñecemento como unha elaboración activa por parte dos nenos e nenas e non como a simple recepción pasiva dunha serie de datos. Contempla os contidos como experiencias que se viven.

Fases do traballo por proxectos:

- ✓ Elección do tema
- ✓ Que sabemos e que queremos saber?
- ✓ Procura de documentación e información
- ✓ Organización do traballo
- ✓ Elaboración de actividades
- ✓ Elaboración dun soporte
- ✓ Avaliación

“**Tilandra no camiño**” é o nome do Proxecto da biblioteca do centro, ao seu redor xirarán todas as actividades xerais ao longo do curso.

11. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

Os criterios xerais que teremos en conta para organizar os espazos dentro da aula son os seguintes:

- Intentaremos crear un ambiente motivador á vez que ordenado, que ofrezca múltiples posibilidades de acción.
- Favoreceremos a utilización autónoma do espazo , dispoñendo os recursos ao alcance de todos.
- Os espazos deben estar ben delimitados para que o neno/a poida situarse en cada un deles e ser visibles dende calquera lugar da clase.
- A organización espacial debe facilitar o encontro entre todos os membros do grupo, de pequenos grupos, á vez que permita un traballo individual.
- Será fundamental crear un ambiente cálido e acolledor no que se sintan seguros.

- Os nenos/as non deben molestarse ao pasar polos diferentes espazos.
- O espazo non debe entrañar perigos, debe ser seguro e promover hábitos de orde.

Este curso pola situación que estamos a vivir co COVID e tendo en conta as medidas establecidas no protocolo non podemos ter a aula organizada por recunchos. Así que os traballos dos diferentes recunchos faranse nos pequenos subgrupos dos que se compoñen as nosas aulas:

- ✓ Gran grupo (este curso cada un no seu sitio)
 Todo o grupo traballa ao unísono nunha mesma actividade. Esixe atención e cumprir unha serie de normas como esperar a quenda, respectar aos demais, escoitar, ... Mellora as relacións persoais. Realizáremolo por exemplo no momento de asemblea.
- ✓ Pequeno grupo.
 Grupos de menos de 5 alumnos/as realizan unha mesma actividade. Axuda á socialización, favorece a capacidade de expresión persoal, gráfica, comunitaria. Permite axudar e ser axudado. Estes agrupamentos poden ser homoxéneos ou heteroxéneos, segundo se precise.
- ✓ Traballo individual.
 Esixe máis autonomía. Favorece a reflexión e a práctica sobre determinados contidos. Serve para afianzar conceptos, comprobar o nivel, detectar dificultades,...

O material debe estar ordenado, clasificado e ó alcance do neno/a para facilitar a súa autonomía e independencia, estando este curso cada material funxible (rotuladores, pinturas, lapis,...) nunha gabeta individual para cada neno/a.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais constitúen un instrumento moi importante para o desenvolvemento da tarefa educativa. Son empregados para levar a cabo a actividade, o xogo e o aprendizaxe. Os recursos didácticos son importantes en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, máis aínda na etapa de Educación Infantil onde os nenos/as aprenden a través de distintas experiencias e precisan, por tanto, de diversos materiais para levar a cabo as súas experiencias.

Podemos distinguir dous tipos de materiais:

✓ O equipamento

Conxunto de materiais , equipo e información precisos para desenvolver o aprendizaxe. A súa clasificación sería:

- Materias primas: xices , papeis, pinturas, etc.
- Instrumentos para medir, cortar, unir, mesturar...
- Fontes de información: carteis, murais,..
- Instalacións para exposicións
- Materiais para o almacenamento.

✓ O material didáctico ou recursos didácticos.

Son todas as ferramentas precisas que empregan os alumnos/as no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe.

Para isto contamos con:

- Materiais para o desenvolvemento do currículo
- Materiais que facilitan as actividades de ensino-aprendizaxe.

(Dentro deste grupo cabe destacar os materiais impresos , materiais audiovisuais e outros materiais informáticos)

Coñecendo e estruturando estes materiais, este curso temos que telos gardados e ir sacándoos en función das actividades que vaimos a realizar, que serían:

- Materiais para o desenvolvemento do xogo simbólico.
- Materiais para o coñecemento do medio
- Materiais para o desenvolvemento da linguaxe

- Materiais para o desenvolvemento da linguaxe matemática
- Materiais para o desenvolvemento das actividades artísticas e plásticas.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DIFICULTADES DERIVADAS DA FENDA DIXITAL.

Co fin de garantir a equidade, a nova Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

A diversidade é unha realidade social derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a, de cada familia...

Cando falamos de alumnado con **necesidades educativas específicas**, referímonos aos nenos/as que requiren, de xeito temporal ou permanente, apoios ou medidas educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe ou por altas capacidades intelectuais, por condicións persoais ou de historia escolar, ou procedentes do estranxeiro.

Debemos ofrecer unha adecuada resposta educativa que se axuste ás circunstancias e ás necesidades que neles concorren. Pódense introducir medidas de flexibilización das distintas etapas. A escolarización destes alumnos/as rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva. Trátase de que todo os nenos/as da aula desenvolvan ao máximo as súas capacidades e que as diferenzas non se convertan en desigualdades.

Por outro lado deseñaranse e poñeranse en práctica accións educativas a fin de detectar de xeito temperán de dificultades, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado.

Para dar resposta a estes alumnos e alumnas, se adoptarán e utilizarán medidas ordinarias como:

- ❖ Modificación do tempo das aprendizaxes. Organización flexible do tempo para a realización de determinadas actividades ou adquisición de certos obxectivos.
- ❖ Adecuación dos obxectivos seleccionando e axeitando ás características dos alumnos.
- ❖ Adecuación da axuda pedagóxica, tanto profesorado de Pedagogía Terapéutica como de Audición e linguaxe e profesorado de apoio.
- ❖ Organización e adaptación dos espazos, materiais e agrupamentos a fin de acadar unha atención individualizada.
- ❖ Realización de avaliacións individualizadas a fin de detectar dificultades.
- ❖ Adecuación da metodoloxía adecuando técnicas e estratexias.
- ❖ Adecuación das actividades ás diferenzas individuais do alumnado tanto ao seu nivel de aprendizaxe como aos seu momento madurativo, atendendo a niveis de ampliación e reforzo.
- ❖ Adaptación de técnicas, procedemento e instrumentos de avaliación que se adapten ás necesidades educativas e que non supoñan modificación dos criterios de avaliación.
- ❖ Elaboración de medidas de afondamento e enriquecemento para aqueles alumnos/as que así o precisen.

No caso de persistir as dificultades e esgotar todas estas medidas ordinarias darase conta á dirección do centro Equipo de Orientación a fin de tomar algunha das medidas extraordinarias.

Nesta **SITUACIÓN** que estamos a vivir co **COVID-19** así mesmo adaptaranse as medidas necesarias para minimizar as dificultades derivadas da **FENDA DIXITAL** no caso do ensino telemático.

Estas **medidas** serían:

- Comprobar as necesidades específicas do alumnado con dificultades, por falta de medios e recursos para o ensino telemático e resolvelas, comunicándoo ao equipo directivo de xeito que se adopten as medidas necesarias para minimizar as devanditas dificultades.

- Establecer directrices específicas e individuais en colaboración co profesorado especialista do Departamento de Orientación para a atención e seguimento dos alumnos/as con N.E.E.

- Considerar posibilidades de atención singular para o alumnado con necesidades específicas.

- Manter unha comunicación fluída cos alumnos/as a través de todos os medios posibles.

14. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Aproveitaremos os recursos e materiais multimedia dos que dispoñemos no centro, como son ordenadores con conexión a Internet nas aulas, aula de informática, cámara dixital, reprodutor de DVD, páxina web do centro,... Todos eles servirán para crear e desenvolver no noso alumnado a imaxinación, creatividade e fantasía, así como medios de apoio e ampliación dos contidos traballados.

Nos ordenadores da aula levaremos a cabo actividades como: procura de información, acceso a páxina web da escola, presentación de bits de intelixencia, elaboración de pequenos textos (escribir listas de nomes de compañeiros, títulos de contos, ...), xogos multimedia, visualización de contos, audición de cancións.

Coa cámara dixital faremos fotos de todos aqueles momentos que consideramos significativos.

15. ACCIÓNS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Establecer de maneira consensuada cos titores e resto do profesorado unhas normas básicas de comportamento e a forma para asegurar o seu cumprimento.
- ✓ Facilitar o tratamento dos conflitos a través das medidas especificadas no PAT.
- ✓ Reforzar positivamente conductas que faciliten a convivencia e promover situacións que potencien a súa aparición.
- ✓ Implicar ás familias nunha maior participación na educación dos seus fillos fomentando a colaboración coa escola e o tempo compartido cos seus fillos.
- ✓ Compartir coas familias estratexias de educación en valores axeitados para cada idade.

16. EDUCACIÓN EN VALORES

Non só deberemos prestar atención aos coñecementos. Nesta sociedade actual os temas transversais, contidos vinculados ao currículo, deben ser un punto importante na nosa tarefa diaria, xa que son a manifestación dun sentimento e unha expresión de valores, asumidos como positivos pola comunidade.

Desenvolveremos continuamente actitudes de: compañeirismo, de respecto e axuda aos demais, de orde e limpeza, de uso do diálogo, do rexeitamento á violencia e á agresividade, de coidado dos bens naturais, fomentando un estilo de vida e comportamento cotián, como aceptación deses valores que a sociedade precisa e establece como positivos para o seu bo funcionamento.

Os temas a traballar serán os seguintes:

- Educación para a paz
 - Educar para a convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade ,a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.
- Educación para a saúde.

Este curso deseñaranse actividades de educación para a saúde que traten as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte ao COVID.

- Educación para a igualdade entre os sexos
Debemos corrixir estas desigualdades e facer que se formen como persoas, en igualdade de condicións e cos mesmos dereitos e obrigas.
- Educación ambiental
Pretende acercar aos nenos/as ao medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas y desenvolvendo actitudes de respecto y coidado.
- Educación do consumidor
Pretende que os nenos/as vaian adquirindo unha actitude crítica e responsable cara o consumo.
- Educación viaria
O obxectivo fundamental é a prevención de accidentes. E preciso inicialos no coñecemento dunhas normas establecidas, necesarias para a súa futura participación no ambiente urbano como peón ou usuario de vehículos.

17. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Este curso non se levaran a cabo as actividades extraescolares e complementarias para garantir as medidas de distanciamento físico interpersonal evitando a gran afluencia de persoas neste tipo de actividades.

18. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible das melloras e/ou modificacións que poidan considerarse oportunas, de xeito que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao longo do curso levaremos a cabo unha revisión deste documento adaptando, se fose preciso, a práctica educativa e as distintas situacións que se nos presentan tratando de estimular o aprendizaxe, atender á diversidade, organizar o alumnado, axudar aos nenos/as no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos, etc. As unidades didácticas e proxectos estarán suxeitas á revisión y modificación ao longo de todo o curso.

19. PLAN LECTOR.

Na etapa de Educación Infantil realízanse de xeito continuado e globalizado un gran número de actividades a fin de despertar o gusto pola lectura en calquera espazo e momento da xornada escolar.

Os obxectivos relacionados co Plan Lector son:

- ❖ Descubrir o gusto de observar as ilustracións e manipular libros e contos.
- ❖ Desenvolver o pracer de escoitar e comprender a lectura de contos.
- ❖ Fomentar o interese pola lingua escrita nesta etapa.
- ❖ Achegarse a lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- ❖ Usar adecuadamente a biblioteca de aula e de centro como fonte de información e tamén de gozo.
- ❖ Favorecer a adquisición de vocabulario.
- ❖ Favorecer o interese e respecto cara as manifestacións orais da nosa tradición oral.

20. RELACIÓNS COAS FAMILIAS E COMUNIDADE ESCOLAR

O Equipo de Educación Infantil comparte coa familia o labor educativo, completando e ampliando as experiencias formativas dos nosos alumnos. A familia ocupa un lugar primordial no desenvolvemento do neno/a xa que é o seu primeiro ámbito de socialización. Deste xeito as mestras de Educación Infantil temos que asumir a responsabilidade de facilitar a participación e información necesaria para que a familia se sinta vinculada á escola e responsable dentro do proceso educativo. A relación familia-escola é fundamental para o éxito na Educación Infantil.

Debido á situación de COVID durante este curso darase prioridade ás comunicacións vía telefónica ou telemática.

Os contactos coas familias serán:

- Habituais e non organizados: á saída e á entrada nas que se comentarán situacións imprevistas.

- Sistemáticas e organizadas:
 - ❖ Reunión xeral de inicio de curso.
No que se comentará a organización e funcionamento das aulas, recomendacións, aspectos organizativos...
 - ❖ Titorías: O **martes de 16h a 17h**, faranse este curso preferiblemente de forma telemática ou telefónica.
 - ❖ Informe trimestral cos datos recollidos na avaliación continua.
 - ❖ Invitacións para participación en actividades de aula ou de centro.
 - ❖ Circulares sobre actividades a levar a cabo, horarios,....
 - ❖ Notas para colaboracións, aportación de materiais para a realización dos diferentes proxectos.